

**DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020
CENTRO: IES RODEIRA.**

En atención á Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia., o Departamento de Historia elaborou unha adaptación da Programación didáctica do curso 2019-2020 de todos os cursos de ESO e Bacharelato., que atende ós seguintes aspectos:

- 1. Estándares de aprendizaxe, e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1-Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles.

Neste apartado, os profesores do Departamento de Xeografía e Historia seleccionaron os estándares de aprendizaxe,, criterios de avaliación nos diferentes cursos de ESO e Bacharelato. O Profesorado do Departamento de Xeografía e Historia considera que, nna medida do posible, as actividades intentarán desenvolver todas as competencias básicas.

2. Avaliación e cualificación. O Departamento elaborou uns criterios de avaliación e cualificación para o Terceiro Trimestre. Na 1ª e 2ª Avaliación seguíronse os procedementos e criterios establecidos na programación do presente curso 2019-2020. En canto á 3ª, téñense en conta o disposto nas instrucións do 27 de abril de 2020

Procedementos:

Na 3ª avaliación procederáse a realizar unha avaliación positiva das tarefas que se ofrecen ao alumnado no correo electrónico e a aula virtual, tanto das actividades que se proponen ó alumnado para que poidan recuperar as avaliacións que teñan suspensas, como para as actividades de reforzo, repaso ou ampliación do alumnado que obtivo unha cualificación positiva.

Instrumentos:

Valoración do traballo individual:

No traballo do 3º trimestre realízase a corrección das tarefas entregadas polo alumnado.

Cualificación final

A cualificación da materia será calculada da seguinte maneira:

Nota media da 1ª avaliación: 50%

Nota media da 2ª avaliación: 50%

Nota da 3ª avaliación: 1 punto, pola realización de tarefas que buscan o reforzo e ampliación de competencias. Esta nota será sumada á nota final, que se establece nas dúas primeiras avaliacións. A avaliación só poderá ser positiva, en ningún caso poderá repercutir negativamente na avaliación do alumnado.

O alumnado que tiña avaliacións suspensas recibiu ou recibirá unhas tarefas para realizar na casa. Se estas tarefas se realizan satisfactoriamente, a materia estará aprobada.

Nas materias de Historia da Arte de 2º de Bac e Xeografía de 2º de Bacharelato, o/as alumno/as que teñan unha cualificación menor de 4 na 1ª e 2ª Avaliacións, terán que realizar necesariamente unha proba, tal como se contempla nos criterios de cualificación destas materias.

A cualificación obtida nas tarefas de recuperación será un 5.

O alumnado que ten avaliacións suspensas poderá realizar tarefas de ampliación para mellorar a súa nota, pero só se sumará se as dúas primeiras avaliacións están aprobadas. Seguindo as Instrucións do 27 de abril, dada a situación excepcional do estado de alarma, os criterios de titulación poderán ser modificados, tendendo á titulación do alumnado e tomando en especial consideración a decisión tomada na Xunta de avaliación.

No caso de non obter unha avaliación positiva nas actividades realizadas polos alumno/as con avaliacións anteriores suspensas, deberán realizar unha proba final, ben presencial, ben telemática, que se determinará nas datas asignadas dentro do calendario que se estableza para tal fin.

Avaliación de materias pendentes:

Os criterios establecidos para a avaliación de pendentes continúan a ser os vixentes na programación do curso 2019-2020. O alumnado que teña materias pendentes de Xeografía e Historia, e non acadaran unha avaliación positiva, será informado dos criterios de avaliación e cualificación que se terán en conta na proba a realizar nas datas establecidas oficialmente-

Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha avaliación positiva na Avaliación Ordinaria deberá realizar unha proba escrita sobre a materia impartida nas dúas primeiras avaliacións.

O alumnado debe superar o 50% desta proba.

3-. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Metodoloxía:

A práctica totalidade do alumnado do IES Rodeira dispón de medios de comunicación dixitais: uns conéctanse por ordenador e outros por móbil (propio ou familiar).

Sen embargo hai que ter en conta que existe unha enorme diferenza no manexo de ferramentas dixitais, pois hai alumnado que sabe empregar as tecnoloxías e hai outro que non sabe. Tamén varía moito a axuda que poden recibir por parte das familias.

Ante esta situación, estableceuse un sistema de traballo flexible: o alumnado pode consultar o traballo na aula virtual, no correo electrónico e nas clases por videoconferencia.

As tarefas poden ser realizadas de forma dixital ou ben en papel. Nos dous formatos envíanse ao correo electrónico establecido para a clase.

As tarefas buscan potenciar todas as competencias seguindo con actividades de traballo xa realizadas durante o curso:

Lectura

Redacción e escritura

Uso de material audiovisual para obter información.
Traballo da competencia matemática e científica.
Promoción do traballo autónomo: Aprender a aprender.
Coñecemento de valores culturais relacionados coa Historia e a Xeografía.
Competencia dixital.

Actividades

O profesorado do Departamento de Historia elabora e elaborará actividades que permitan ó alumnado que non superou algunha ou as 2 avaliacións anteriores acadar os estándares e competencias básicas que lle permitan obter unha avaliación positiva. Ademais elabora e elaborará actividades destinadas ó alumnado que teñan superadas as dúas primeiras avaliacións de repaso, reforzo ou ampliación, que lle permitan, de forma voluntaria, ver incrementada a súa cualificación da nota media das avaliacións anteriores nun punto.

Atendendo ás instrucións recibidas e ao momento extraordinario que vive o alumnado e o profesorado, o traballo queda establecido na realización dunha tarefa semanal, que se complementa, na meirande parte dos cursos cunha clase online para a resolución de dúbidas e/ou ampliación de contidos.

Establécese tamén a flexibilidade nas entregas das tarefas, para poder así permitir a conciliación da vida escolar e familiar.

Materiais e recursos

Uso do correo web.

Materiais na aula virtual do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/aulavirtual2/>

Videoconferencias co programa Cisco Webex, proporcionado pola consellería de Educación.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Informarase ao alumnado e ás familias dos cambios na programación con respecto ao principio de curso polas seguintes canles:

- oralmente a través da videoconferencia semanal co alumnado.
- por correo electrónico
- publicándoa na web do centro.

Publicidade

Esta modificación da Programación didáctica publicarase online na web do instituto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeir>

CURSO: 1º ESO

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación imprescindibles

Estándares de aprendizaxe,

XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.

XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.

XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.

XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.

XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos co mo os da "deusa nai".

XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).

XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.

XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.

XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos

XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.

XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.

B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.

XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.

XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.

XHB1.1.1. Interpreta como influéncios movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.

XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.

XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.

XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.

XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.

XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.

XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes.

Criterios de Avaliación:

B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.

B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.

3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.

B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.

B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.

B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.

3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferencian do entre os que son específicos.

B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.

B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.

B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.

B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.

2- Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Para a avaliación da 1ª e 2ª avaliación seguironse os procedementos e instrumentos que se establecen na programación didáctica deste curso 2019-2020.

Na 3ª avaliación procederase a realizar unha avaliación positiva das tarefas que se ofrecen ao alumnado no correo electrónico e a aula virtual.

Instrumentos:

Os instrumentos utilizados na avaliación da 1ª e 2ª avaliación son os que aparecen reflectidos na programación didáctica deste curso:

Probas escritas: 60%

Valoración do traballo en equipo: 10%

Valoración do traballo individual: 10%

Revisión da libreta e das ferramentas de traballo: 10%

Observación da actitude e o traballo na aula: 10%

No traballo do 3º trimestre realízase a corrección das tarefas entregadas polo alumnado.

Cualificación final

A cualificación da materia será calculada da seguinte maneira:

Nota media da 1ª avaliación: 50%

Nota media da 2ª avaliación: 50%

Nota da 3ª avaliación: 1 punto, pola realización de tarefas que buscan o reforzo e ampliación de competencias. Esta nota será sumada á nota final, que se establece nas dúas primeiras avaliacións. Non se penaliza o traballo realizado neste trimestre. A avaliación só será positiva.

O alumnado que tiña avaliacións suspensas recibiu unhas tarefas para realizar na casa. Se estas tarefas se realizan satisfactoriamente, a materia estará aprobada.

A cualificación obtida nas tarefas de recuperación será un 5.

O alumnado que ten avaliacións suspensas poderá realizar tarefas de ampliación para mellorar a súa nota, pero só se sumará se as dúas primeiras avaliacións están aprobadas. Seguindo as Instrucións do 27 de abril, dada a situación excepcional do estado de alarma, os criterios de titulación poderán ser modificados, tendendo á titulación do

alumnado e tomando en especial consideración a decisión tomada na Xunta de avaliación.

Proba extraordinaria de setembro

Realización dunha proba escrita sobre a materia impartida nas dúas primeiras avaliacións.

O alumnado debe superar o 50% desta proba.

Avaliación de materias pendentes

A alumnado de 1º de ESO non ten materias pendentes para avaliar.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Actividades voluntarias de ampliación para conseguir chegar a contidos e estándares básicos neste curso.

A base será o afianzamento de competencias co traballo da Historia Antiga e a Xeografía.

Atendendo ás instrucións recibidas e ao momento extraordinario que vive o alumnado e o profesorado, o traballo queda establecido na realización dunha tarefa semanal, que se complementa cunha presentación en pdf e unha clase online para a resolución de dúbidas.

Establécese tamén a flexibilidade nas entregas das tarefas, para poder así permitir a conciliación da vida escolar e familiar.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):

A práctica totalidade do alumnado de 1º de ESO de IES Rodeira dispón de medios de comunicación dixitais: uns conéctanse por ordenador e outros por móbil (propio ou familiar).

Ademais, existe unha enorme diferenza no manexo de ferramentas dixitais, pois hai alumnado que sabe empregar as tecnoloxías e hai outro que non sabe. Tamén varía moito a axuda que poden recibir por parte das familias.

Ante esta situación, estableceuse un sistema de traballo flexible: o alumnado pode consultar o traballo na aula virtual, no correo electrónico e nas clases por videoconferencia.

As tarefas poden ser realizadas de forma dixital ou ben en papel. Nos dous formatos envíanse ao correo electrónico establecido para a clase.

As tarefas buscan potenciar as competencias seguindo con actividades de traballo xa realizadas durante o curso:

Lectura

Redacción e escritura

Uso de material audiovisual para obter información.

Traballo da competencia matemática e científica.

Promoción do traballo autónomo: Aprender a aprender.

Coidado de valores culturais relacionados coa Historia e a Xeografía.

Competencia dixital.

Materiais e recursos

Uso do correo web.

Materiais na aula virtual do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/aulavirtual2/>
Videoconferencias co programa Cisco Webex, proporcionado pola consellería de Educación.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Informarase ao alumnado e ás familias dos cambios na programación con respecto ao principio de curso polas seguintes canles:

- oralmente a través da videoconferencia semanal co alumnado.
- publicándoa na web do centro.

Publicidade

Esta modificación da Programación didáctica publicarase online na web do instituto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/>

CURSO 2º de ESO

Materia. Xeografía e Historia.

- 1- Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles
- 2- Avaliación e cualificación.
- 3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
- 4- Información e publicidade.

1- Estándares, criterio de avaliación e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe:

XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos

XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.

XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños

XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.

XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.

Criterios de Avaliación

B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.

B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.

B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.

B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media

2- Avaliación e Cualificación:

Avaliación:

Procedementos:

Actividades deseñadas especificamente para á Avaliación.

Instrumentos:

Rúbricas de avaliación para cada actividade.

Cualificación final

Media aritmética da cualificación das dúas primeiras avaliacións do curso. A iso pode sumarse ata un punto por actividades de ampliación

Proba extraordinaria de setembro

En caso de que o alumno ou alumna obteña unha cualificación inferior ao 5 na media aritmética da avaliación de xuño.

Alumnado de materia pendente

Criterios de avaliación:

Todos os criterios de avaliación do DECRETO 86/2015 correspondentes ao currículo de Xeografía e Historia de 1º da ESO

Criterios de cualificación:

Coa avaliación positiva das actividades acadase a cualificación máxima dun 5.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Compendio de actividades, reunidas nun caderno, que atenden aos contidos, criterios e estándares do currículo.

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades

Actividades de recuperación: centradas nos estándares e competencias imprescindibles sinaladas nesta adaptación.

Para aqueles estudantes que non acaden o 5 de nota media entre as dúas primeiras avaliacións dos curso.

Actividades de reforzo e ampliación: que reforzan os procedementos traballados nos dous primeiros trimestres, avanzando sobre os contidos non vistos durante o curso.

Para aqueles estudantes que acaden ou superen o 5 de nota media entre as dúas primeiras avaliacións dos curso.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- As actividades de recuperación son similares as realizadas durante os dous primeiros trimestres, requirindo do alumnado os procedementos e contidos xa traballados.
- As actividades de ampliación dan forma a un proxecto, que engloba a todas elas nunha mesma temática.
- As actividades son publicadas semanalmente na Aula Virtual do centro e/ou enviadas a través das contas de correo electrónico dos estudantes. A entrega das mesmas faise polas mesmas canles.
- O alumnado pode realizar as actividades empregando medios informáticos e enviar un arquivo, ou ben realizalas no seu caderno de aula e enviar unha imaxe.

Os estudantes dispoñen de diversos foros na Aula Virtual: un foro de novas e un foro de dúbidas. Dispoñen tamén da posibilidade de facer comentarios e resolver dúbidas por medio dun correo electrónico do docente e de videochamadas.

Materiais e recursos

Achéganse indicacións e o material necesario para a súa realización nos mesmos arquivos onde constan as tarefas.

En ocasións, facilítanse ferramentas en liña, páxinas de consulta e descarga de programas gratuítos para realizar as actividades de xeito telemático.

4- Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias:

- Por medio da Aula Virtual do centro, que conta ademais con diversos foros de consulta e ferramentas de mensaxería.
- Correo electrónico docente.

En caso necesario, chamadas de teléfono.

Publicidade:

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

CURSO 3º ESO

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Estándares de aprendizaxe:

XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.

XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.

XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.

XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.

XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos.

Criterios de Avaliación:

B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos.

B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.

B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.

B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.

B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica

2- Avaliación e cualificación.

Avaliación

Procedementos:

Actividades deseñadas especificamente para á Avaliación.

Instrumentos:

Rúbricas de avaliación para cada actividade.

Cualificación final

Media aritmética da cualificación das dúas primeiras avaliacións do curso. A iso pode sumarse ata un punto por actividades de ampliación

Proba extraordinaria de setembro

En caso de que o alumno ou alumna obteña unha cualificación inferior ao 5 na media aritmética da avaliación de xuño.

Alumnado de materia pendente

Criterios de avaliación:

Todos os criterios de avaliación do DECRETO 86/2015 correspondentes ao currículo de Xeografía e Historia de 2º da ESO.

Criterios de cualificación:

Coa avaliación positiva das actividades acadase a cualificación máxima dun 5.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Compendio de actividades, reunidas nun caderno, que atenden aos contidos, criterios e estándares do currículo.

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades

Actividades de recuperación: centradas nos estándares e competencias imprescindibles sinaladas nesta adaptación.

Para aqueles estudantes que non acaden o 5 de nota media entre as dúas primeiras avaliacións dos curso.

Actividades de reforzo e ampliación: que reforzan os procedementos traballados nos dous primeiros trimestres, avanzando sobre os contidos non vistos durante o curso.

Para aqueles estudantes que acaden ou superen o 5 de nota media entre as dúas primeiras avaliacións dos curso.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- As actividades de recuperación son similares as realizadas durante os dous primeiros trimestres, requirindo do alumnado os procedementos e contidos xa traballados.

- As actividades de ampliación dan forma a un proxecto, que engloba a todas elas nunha mesma temática.

- As actividades son publicadas semanalmente na Aula Virtual do centro e/ou enviadas a través das contas de correo electrónico dos estudantes. A entrega das mesmas faise polas mesmas canles.

- O alumnado pode realizar as actividades empregando medios informáticos e enviar un arquivo, ou ben realizalas no seu caderno de aula e enviar unha imaxe.

Os estudantes dispoñen de diversos foros na Aula Virtual: un foro de novas e un foro de dúbidas. Dispoñen tamén da posibilidade de facer comentarios e resolver dúbidas por medio dun correo electrónico do docente e de videochamadas.

Materiais e recursos

Achéganse indicacións e o material necesario para a súa realización nos mesmos arquivos onde constan as tarefas.

En ocasións, facilítanse ferramentas en liña, páxinas de consulta e descarga de programas gratuítos para realizar as actividades de xeito telemático.

4- Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias

- Por medio da Aula Virtual do centro, que conta ademais con diversos foros de consulta e ferramentas de mensaxería.
- Correo electrónico docente.
En caso necesario, chamadas de teléfono.

Publicidade

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

CURSO: 4º ESO

Materia: Xeografía e Historia

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles

Estándar de aprendizaxe

XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.

XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.

XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as

XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.

XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.

XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.

XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.

XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.

XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.

XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.

XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.

XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.

XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.

XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.

XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.

XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.

Criterios de Avaliación

B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.

B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.

B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.

B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.

B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.

B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.

B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.

B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo

B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.

B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.

B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.

B5.2. Analizar as causas do auge dos fascismos en Europa.

B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil

B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.

B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.

B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Para a avaliación da 1ª e 2ª avaliación seguíronse os procedementos e instrumentos que se establecen na programación didáctica deste curso 2019-2020.

Na 3ª avaliación procederase a realizar unha avaliación positiva das tarefas que se ofrecen ao alumnado no correo electrónico e a aula.

Instrumentos:

Os instrumentos utilizados na avaliación da 1ª e 2ª avaliación son os seguintes:

Probas escritas: 60%

Traballos e tarefas realizados na clase: 20%

Traballos e tarefas realizados na casa: 20%

No traballo do 3º trimestre realízase a corrección das tarefas entregadas polo alumnado.

Cualificación final

A cualificación da materia será calculada da seguinte maneira:

Nota da 1ª avaliación: 50%

Nota da 2ª avaliación: 50%

Nota da 3ª avaliación: 1 punto, pola realización de tarefas que buscan o reforzo e ampliación de competencias. Esta nota será sumada á nota final, que se establece nas dúas primeiras avaliacións. Non se penaliza o traballo realizado neste trimestre. A avaliación só será positiva.

O alumnado que tiña avaliacións suspensas recibiu unhas tarefas para realizar na casa. Se estas tarefas se realizan satisfactoriamente, a materia estará aprobada.

A cualificación obtida nas tarefas de recuperación será un 5.

O alumnado que ten avaliacións suspensas poderá realizar tarefas de ampliación para mellorar a súa nota, pero só se sumará se as dúas primeiras avaliacións están aprobadas.

Seguindo as Instrucións do 27 de abril, dada a situación excepcional do estado de alarma, os criterios de titulación poderán ser modificados, tendendo á titulación do alumnado e tomando en especial consideración a decisión tomada na Xunta de avaliación.

Proba extraordinaria de setembro

Realización dunha proba escrita sobre a materia impartida nas dúas primeiras avaliacións, Desde o Antigo Réxime ata a 1ª Guerra Mundial.

O alumnado debe superar o 50% desta proba.

Alumnado materia pendente

Criterios de avaliación

B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite

- B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.
- B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.
- B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas
- B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos
- B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.
- B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.
- B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.
- B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.
- B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.
- B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.
- B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.
- B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.
- B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.
- B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.
- B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.
- B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.
- B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.
- B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.
- B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
- B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.
- B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.

Criterios de cualificación:

O alumnado pode presentar os traballos que se lle fixeron chegar antes das vacacións de Nadal. O prazo de entrega remata o 15 de maio.

En caso de que o alumno non entregue os cadernos ben realizados deberá examinarse da forma que sexa posible: presencial ou online. Realizarase unha proba escrita, que deben aprobar cun mínimo de 50% para superar a materia.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Tarefas escritas en xaneiro e abril.

Proba escrita a finais do mes de maio.

3. Metodoloxías e actividades no 3º trimestre

Actividades

Actividades voluntarias de ampliación para conseguir chegar a contidos e estándares básicos neste curso.

A base será o afianzamento de competencias co traballo da Historia do século XX.

Porase especial énfase nos contidos mínimos referidos á Primeira Guerra mundial, época de Entreguerras, Guerra Civil española e Segunda guerra mundial.

Atendendo ás instrucións recibidas e ao momento extraordinario que vive o alumnado e o profesorado, o traballo queda establecido na realización dunha tarefa semanal, que se complementa cunha presentación en pdf e unha clase online para a resolución de dúbidas.

Establécese tamén a flexibilidade nas entregas das tarefas, para poder así permitir a conciliación da vida escolar e familiar.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade).

Todo o alumnado de 4º de ESO ten medios para conectarse a internet e consultar as tarefas.

O traballo individual consiste na lectura, comprensión de pequenas presentacións e posta en práctica de exercicios sobre o tema.

Os exercicios correspóndense aos tipos xa vistos na clase, como a creación de pequenos textos, o comentario de mapas, a creación de esquemas, táboas e mapas mentais, o resumo, visionado de vídeos e creación de liñas do tempo.

Propúxose o traballo en equipo ao alumnado e foi ben aceptado, polo que unha das tarefas, a do Holocausto, será grupal. A súa cualificación será flexible, tendo en conta as circunstancias.

Materiais e recursos

Uso do correo web.

Materiais na aula virtual do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/aulavirtual2/>

Videoconferencias co programa Cisco Webex, proporcionado pola consellería de Educación.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Informarase ao alumnado e ás familias dos cambios na programación con respecto ao principio de curso polas seguintes canles:

-oralmente a través da videoconferencia semanal co alumnado.

-publicándoa na web do centro.

Publicidade

Esta modificación da Programación didáctica publicarase online na web do instituto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/>

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO. 1º DE BACHARELATO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1- Estándares, criterios de avaliación e competencias imprescindibles.

Estándares de aprendizaxe:

Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.

Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.

Identifica e caracteriza os trazos básicos do capitalismo do século XIX.

Describe os sectores punteiros da primeira revolución industrial e as novidades que introduce a segunda.

Identifica os elementos característicos dos sistemas políticos europeos do século XIX.

. Describe as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos valorando a elaboración da nova documentación liberal do novo goberno.

Explica as causas da Revolución francesa e as fases do seu desenvolvemento

Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena relacionándoas coas súas consecuencias.

Comenta os trazos das primeiras formas de protesta proletaria organizada a partir de fontes documentais.

Compara os trazos básicos das correntes de pensamento social da época da revolución industrial: socialismo científico e anarquismo.

Analiza as causas e describe o desenvolvemento do proceso de formación de Italia e Alemaña

Distingue e usa correctamente os conceptos básicos relacionados coa expansión territorial dos Estados.

Identifica as principais razóns da formación dos imperios coloniais do século XIX.

Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa expansión imperialista do século XIX.

Describe os principais sistemas de alianzas durante a Paz Armada.

Explica o tratado de Versalles.

Identifica os cambios territoriais e políticos que se produciron en Europa tras a finalización do conflito a través de mapas históricos.

Identifica e explica a situación económica, social e política da Rusia tsarista.

. Coñece e valora as fases da revolución soviética e 1917.

Identifica os principais problemas do novo Estado soviético e as solucións dadas polo goberno de Lenin.

Sintetiza as causas da crise da Bolsa neoyorquina de 1929.

. Analiza algunha gráfica relacionadas coa crise económica de 1929.

Identifica as principais propostas de solución á Gran Depresión.

Sintetiza os postulados ideolóxicos dos sistemas fascistas

Describe o proceso de ascenso de Mussolini ao poder en Italia.

Describe o proceso de ascenso de Hitler e o partido nazi en Alemaña.

Criterios de Avaliacion:

Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.

Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas ideoloxías.

Coñecer e valorar os elementos básicos do capitalismo como o sistema económico que se desenvolve a partir dos postulados do liberalismo e que facilitou as grandes transformacións económicas que marcaron a fin do Antigo Réxime.

Describir as fases da revolución industrial do século XIX, as súas características e as principais consecuencias económicas e sociais

Identificar as características dos sistemas políticos de finais do século XVIII, destacando as achegas dos precursores e a actuación da burguesía para levalas á práctica.

Valorar o proceso de independencia dos EE UU como expresión da primeira revolución liberal, explicar as causas da Revolución francesa recoñecendo os trazos máis significativos das súas fases

Explicar os principios da Restauración absolutista.

Comprender que os cambios sociais están intimamente relacionados coas transformacións económicas, políticas e ideolóxicas.

Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación dos obreiros no século XIX.

Coñecer o proceso de unificación de Italia e Alemaña.

Diferenciar os conceptos básicos relacionados coa expansión territorial dos Estados.

Coñecer e valorar as principais causas da formación dos imperios coloniais do século XIX.

Describir a expansión imperialista dos países europeos

Comparar sinteticamente os distintos sistemas de alianzas do período da Paz Armada e valorar a suma de causas como detonantes da Gran Guerra.

Identificar os tratados de paz da Gran Guerra e vincularlos co xurdimento da Sociedade de Nacións

Analizar as consecuencias máis destacadas de orde social, económico e político ao finalizar a Guerra de 1914-1918.

Identificar os principais problemas da Rusia tsarista

Esquematizar o desenvolvemento da revolución soviética recoñecendo as súas etapas e os principais protagonistas e describir as súas consecuencias.

Valorar as dificultades de asentamento do novo Estado soviético

Coñecer o mecanismo de funcionamento da Bolsa e os acontecementos que desencadearon o crac da de Nova York en 1929.

Explicar a Gran Depresión describindo as súas manifestacións e as propostas de solución máis destacadas.

Coñecer os fundamentos ideolóxicos e os trazos comúns dos fascismos.

Analizar o proceso de ascenso fascista en Italia e a aplicación dos seus postulados na organización do novo Estado fascista dirixido por Mussolini.

Analizar o proceso de ascenso nazi en Alemaña e a aplicación dos seus na ditadura de Hitler.

2- Avaliación e cualificación.

Procedementos:

Actividades deseñadas especificamente para á Avaliación.

Instrumentos:

Rúbricas de avaliación para cada actividade.

Cualificación final

Media aritmética da cualificación das dúas primeiras avaliacións do curso. A iso pode sumarse ata un punto por actividades de ampliación.

Proba extraordinaria de setembro

En caso de que o alumno ou alumna obteña unha cualificación inferior ao 5 na media aritmética da avaliación de xuño.

A proba terá en conta exclusivamente os estándares, contidos e criterios de avaliación incluídos neste anexo á programación. Poderá constar de cuestións como definición de conceptos, explicación de procesos históricos, comentario de textos, mapas ou gráficas

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades:

- **Actividades de recuperación:** centradas nos estándares e competencias imprescindibles sinaladas nesta adaptación.
Para aqueles estudantes que teñan que recuperar unha ou as dúas avaliacións. Cada semana seranlle entregados o/as alumno/as as actividades a realizar (5 semanas, desde o 11 de maio ata o 14 de xuño). Se as actividades teñen unha cualificación mínima de suficiente (segundo a valoración da rúbrica que se acompaña) e son entregadas a tempo, o/a alumno/a recuperará a Asignatura de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bac, cunha puntuación na Avaliación ordinaria de Suficiente 5.
- O/as alumno/as que non realicen ou realicen con avaliación negativa as actividades de recuperación, deberán realizar, se é posible presencialmente, e se non, telematicamente, unha proba semellante ó da convocatoria extraordinaria, nunha data a determinar na semana do 15 ó 19 de xuño.
- **Actividades de reforzo e ampliación:** que reforzan e amplían os estándares e competencias imprescindibles sinaladas nesta adaptación.
O/as alumno/as que teñen a materia aprobada, poderán incrementar a súa nota media ata un punto se realizan de forma positiva * as actividades de ampliación que periodicamente se proporán polas vías habituais, Aula Virtual e enderezo de gmail.
* Considerarase avaliación positiva cando se acade como mínimo a cualificación de notable tal como contempla a Rúbrica de Avaliación das actividades

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- As actividades de recuperación son similares as realizadas durante os dous primeiros trimestres, requirindo do alumnado os procedementos e contidos xa traballados.
- As actividades de ampliación reforzan e amplían estándares de aprendizaxe imprescindibles.
- As actividades son publicadas na Aula Virtual do centro e/ou enviadas a través das contas de correo electrónico dos estudantes. A entrega das mesmas faise por correo electrónico.
Os estudantes dispoñen da posibilidade de facer comentarios e resolver dúbidas por medio dun correo electrónico do docente e de videoconferencias (vía Webex).

Materiais e Recursos:

Achéganse indicacións e o material necesario para a súa realización nos mesmos arquivos onde constan as tarefas.

5- Información e Publicidade:

Información ao alumnado e ás familias:

- Por medio da Aula Virtual do centro.
- Correo electrónico docente.
Videoconferencias.

Publicidade:

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

HISTORIA DA ARTE. 2º DE BACHARELATO

1. Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación imprescindibles

Estándar de aprendizaxe

Realiza un traballo de investigación sobre diferentes autores e autoras de obras de arte.

Explica as características esenciais dos distintos estilos artísticos e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas.

Identifica, analiza e comenta as obras máis significativas da historia da Arte, en especial as que constan coma obras recomendadas por o guupo de traballo de arte CIUGA, relacionando co seu entorno

Distingue e caracteriza as grandes tendencias da arquitectura, escultura e pintura dos distintos períodos e tendencias artísticas, sendo establecer relacións entre elas

Describe e explica o papel desempeñado por os clientes, mecenas, academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.

Identifica, analiza e comenta as obras de Arte significativas identificando antecedentes e consecuentes.

. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" "A loita cos mamelucos", "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808" e pinturas negras.

Escribe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.

Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.

Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.

Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.

Criterio de avaliación

Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte dos distintos estilos e momentos históricos, en relación co seu contexto histórico e cultural.

Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Clasicismo, Prerrománico, Románico, Gótico, Renacemento, Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.

Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.

Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte entendendo a relación co seu entorno, as obras e artistas que as influiron e a influencia que exerceron en obras posteriores.

Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.

Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.

Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais..

Respectar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.

2. Avaliación e cualificación

Para a avaliación de final de curso teranse en conta as cualificacións obtidas na primeira e segunda avaliación. Media das dúas valorando o progreso. A isto sumaráse para subir nota todo o traballo realizado e entregado por correo dende o 13 de marzo, iste traballo foi explicado e entregado ao alumnado na aula virtual e por correo electrónico. Podendo aumentar un punto máis a súa cualificación

O alumnado que teña as primeiras avaliacións suspensas con nota media de 4 ou máis, pode recuperar e aprobar con traballo entregado ata o 25 de maio. O alumnado que teña suspensas as avaliacións con menos de 4, ou que non entregase traballo feito ten que

presentarse a unha proba de recuperación. A este alumnado se lle informa de a través do correo electrónico do que ten facer, os contidos e modelo de exame.

Convocatoria extraordinaria

O alumnado que non chegue ao 5 na primeira convocatoria, deberá presentarse á convocatoria extraordinaria.

O exame da convocatoria extraordinaria constará de tres preguntas:

I- Definir catro termos a elixir entre 8 do listado de terminoloxía proposto. (2Puntos)

II-Analizar e comentar unha obra de Arte (clasificando, contextualizando e comentando segundo os distintos enfoques metodolóxicos) a elixir entre 3, dos temas 1 ao 4. (4 p.)

III-Analizar e comentar unha obra de Arte (clasificando, contextualizando e comentando segundo os distintos enfoques metodolóxicos) a elixir entre 3, dos temas 5 ao 8. (4p.)

3- información e publicidade

O alumnado recibirá esta información no seu correo, tamén no anexo programación publicada na páxina do instituto

XEOGRAFÍA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO

Estándar de aprendizaxe

Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.

Identifica as paisaxes xeográficas. Describe e analiza as paisaxes.

Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.

Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.

Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico..

Sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.

Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.

Analiza un mapa e explica o relevo que reflicte.

Define, contextualiza e pon exemplos os principais conceptos da materia.

Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.

Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.

Analiza como afecta a España o cambio climático.

Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.

Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparecen.

Explica a diversidade hídrica en España. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.

Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes.

Identifica as actividades agropecuarias e forestais. Selecciona e comenta as características das paisaxes agrarias españolas. Analiza imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas. Analiza gráficos e mapas das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas

Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. Enumera as características da industria española . Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.

Explica a incidencia do sector servizos para a economía española. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos). Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio.

Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española. Identifica nun mapa as distintas unidades administrativo territoriais; provincias, comunidades autónomas.

Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras..Analiza e extrae conclusións de datos demográficos de Galicia. Identifica e analiza as migracións recentes.

Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España.

Define cidade e achega exemplos. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa.

Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta.

Criterios de Avaliación

Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.

Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.

Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico

Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/25.000.

Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.

Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.

Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.

Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.

Utilizar correctamente o vocabulario específico da materia.

Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.

Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.

Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.

Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe. Identificar os réximes fluviais máis característicos.

Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.

Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas.

Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada. e describir as súas consecuencias en España. Coñecer os factores da industria en España.

Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos. Explicar o sistema de transporte en España. Coñecer a importancia o impacto e os tipos de turismo.

Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.

Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións.

Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación.

Definir a cidade. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados.

Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade.

2. Avaliación e cualificación

Para a avaliación de final de curso teranse en conta as cualificacións obtidas na primeira e segunda avaliación. Media das dúas valorando o progreso. A isto sumaráselle para subir nota todo o traballo realizado e entregado por correo dende o 13 de marzo, iste traballo lle foi entregado e explicado ao alumnado na aula virtual e por correo electrónico. Podendo aumentar un punto máis a súa cualificación

O alumnado que teña as primeiras avaliacións suspensas con nota media de 4 ou máis, pode recuperar e aprobar co traballo entregado ata o 20 de maio. O alumnado que teña suspensas as avaliacións con menos de 4, ou que non entregase traballo feito ten que presentarse a unha proba de recuperación.

Convocatoria extraordinaria

O alumnado que non chegue ao 5 na primeira convocatoria, debera presentarse á convocatoria extraordinaria

Criterios de avaliación desta proba: o modelo de proba constará de catro preguntas :

1-Definicións (termos xeográficos propostos por o grupo de traballo CIUGA.) Seis para definir 4 (2 puntos)

2- Identificar elementos nun mapa (relevo interior e costeiro, ríos, Autonomías e provincias) 1 punto

3-Comentario e análise de fontes documentais (mapas, gráficas, datos estatísticos..) con contidos relativos aos temas da programación do 1 ao 8. (4)

4-Pregunta tema, unha das dos 8 primeiros temas. (3)

O alumnado terá a posibilidade de elixir entre dúas opcións.

En cada opción os comentarios de documentos non poden coincidir coa pregunta teórica do mesmo tema

Información e publicidade

Esta información se lle proporcionara a cada ao alumnado a o seu correo electrónico

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO

Seguindo as instrucións da Consellería e as propias indicacións da CIUG, o Departamento de Xeografía e Historia decidiu asumir os 2 principios básicos que se desprenden de ambas notificacións. Dunha banda facilitar a recuperación do alumnado que tivera unha ou varias avaliacións suspensas e doutra banda incrementar a optatividade como medio de facilitar a avaliación positiva.

1- Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación, competencias.

Posto que para 2º de Bacharelato se seguen sempre as directrices da CIUG e non se produce ningún cambio en canto a contidos, criterios de avaliación e estándares para as probas de ABAU deste curso 2019-2020, estes mantense seguindo a programación xeral para o curso 2019-2020.

Durante o 1º e 2º trimestres explicáronse e avaliáronse os Bloques 1 e 2 das preguntas Tema, así como a 1ª e 2ª pregunta do Bloque IV, xunto cos seus respectivos conceptos, así como todos os conceptos e composicións do s. XIX . Rematou de explicarse as composicións do s. XX ata a Guerra Civil, cos seus respectivos conceptos, o Bloque 3 de Preguntas Tema e a 3ª pregunta do Bloque 4. Esta materia, sen embargo, non poido ser avaliada, ó estar establecida a data da correspondente proba para o 18 de marzo de 2020.

A materia que non se poido explicar en clases presenciais, está a disposición do alumnado na Aula Virtual do Centro, coa explicación da materia correspondente ás composicións de Franquismo e Transición, acompañada de presentacións e propostas de composicións para que practique o alumnado. Ademais realízanse videoconferencias co obxecto de completar a explicación das composicións referentes a estes 2 períodos (Franquismo e Transición) e a aclaración de dúbidas.

2- Avaliación.

Instrumentos de Avaliación:

Na 1ª e 2ª avaliación realizáronse 2 probas obxectivas seguindo o modelo de selectividade, tanto no deseño, como na duración.

Como recuperación para o alumnado, decidiuse, co obxecto de facilitar a avaliación positiva e dar maior optatividade:

- Realización de composicións obrigatorias, unha por avaliación, que serán avaliadas seguindo as rúbricas publicadas pola CIUG, que están postas en coñecemento do

alumnado que debe recuperar 1 ou 2 avaliacións de Historia de España e que deberán ser entregadas antes do 15 de maio.

- Realización dunha proba presencial ou, se non e posible, telemática, de 45´ nos que o alumnado que debe recuperar debe responder a 4 conceptos históricos de 8 propostos e 1 pregunta tema a desenvolver de 4 preguntas propostas de 3 dos 4 Bloques de preguntas

O/as alumno/as que teñan aprobada a materia, no caso de que queiran ver incrementada a súa nota global nun máximo dun punto, deberán aportar a realización de 3 composicións, das 4 propostas polo Departamento de Historia.

Criterios de Cualificación:

O alumnado que consiga acadar 5 ou + de 5 coa suma de 2 probas, recuperará a materia de Historia de España, que será cualificada cunha nota de 5.

A nota da avaliación ordinaria será a media das notas acadadas nas 2 avaliacións no caso de ter aprobadas as 2 avaliacións anteriores. Para ver incrementada a nota media das 2 avaliacións nun punto, é un requisito imprescindible acadar nas 3 composicións un mínimo de puntuación de Notable 3´5- 4 puntos, pero cunha corrección: no aspecto de **uso dos documentos, non basta con** A resposta analiza parte do seu contido, senón que deberán analizar unha grande parte do seu contido (como mínimo dous terzos)

O alumnado que non acade unha avaliación positiva, terá a nota correspondente na Avaliación ordinaria de xuño

Convocatoria extraordinaria

O alumnado que non chegue ao 5 na primeira convocatoria, deberá presentarse á convocatoria extraordinaria

Criterios de avaliación desta proba: o modelo de proba seguirá o modelo establecido para as probas da ABAU do presente curso, é dicir, 4 preguntas de 5 puntos cada 1, das que o alumno elixirá as 2 que considere oportuno. Destas 4, 1 será unha pregunta que inclúa a definición de 4 conceptos de 8 propostos (4 do s.XIX, e 4 dos séculos anteriores), e 1 pregunta Tema (a elixir entre 4, propostas de 3 bloques distintos). As outras 3 preguntas de 5 puntos, serán composicións (3 composicións do s. XIX)

Alumnado con Historia Contemporánea de 1º de BAC

Non se contempla, pois o único alumno que tiña pendente Historia Contemporánea de 1º de Bacharelato acadara unha cualificación positiva na proba realiza, ademais de entregar o traballo correspondente.

3- Metodoloxía e Actividades

O alumnado de 2º de Bacharelato ten a súa disposición na Aula Virtual do Centro todo o material que lle permite afrontar as probas de ABAU do presente curso.

Semanalmente véñense realizando videoconferencias co obxecto de explicar a materia pendente (Períodos do Franquismo e Transición) e aclarar calquera dúbida. Ademais o

alumnado pode entregar para a súa corrección composicións que lle serven de práctica para as probas da ABAU.

4- Información e Publicidade.

O alumnado, ademais da información da Aula Virtual recibe por correo toda a información necesaria para a realización de actividades, así como a invitación para a celebración de videoconferencias por webex

Esta modificación da Programación didáctica publicarase online na web do instituto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/>

